




A Sociedade da Información e os Autónomos de Galicia

EDICIÓN 2012

- **Primeiro estudo realizado en Galicia:** informe específico con máis de 500 enquisas realizadas entre os autónomos galegos no ámbito das TIC.
- **Este informe é un Punto de partida:** avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións que potencien a incorporación dos autónomos ás TIC.
- Coa colaboración da Federación de Autónomos de Galicia (**FEAGA**)
- O estudo permite comparar entre:
 - “Autónomos – Sociedades - Total de Microempresas”
- **Valor engadido – análise sectorial:** O estudo inclúe unha completa **análise** desagregada polas principais actividades dos autónomos:
 - Industria
 - Construción
 - Automoción e Comercio
 - Transporte e Almacenamento
 - Actividades profesionais, científicas e técnicas
 - Actividades administrativas e servizos auxiliares

ÍNDICE

I. Caracterización dos autónomos galegos

II. Resultados

II.1 Equipamentos e servizos TIC

II.2 Páxina web e redes sociais

II.3 Interacción coas AAPP

II.4 Comercio electrónico


II.5 Análise sectorial

III. Actuacións da Amtega para a potenciación das TIC entre os autónomos de Galicia

IV. Conclusións

I. Caracterización dos autónomos galegos



AUTÓNOMOS SEGUNDO PROVINCIA



En Galicia, existen 145.245 autónomos

Perfil do traballador autónomo galego:
Varón, entre 40 e 54 anos, dedicado ao sector servizos.


AUTÓNOMOS SEGUNDO SEXO E GRUPOS DE IDADE. COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



II. Resultados:

II.1 Equipamento e servizos TIC (I)

CONTRATACIÓN DE INTERNET E BANDA LARGA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA



Fonte: OSIMGA

☞ Case a metade dos autónomos galegos que non teñen Internet non o contrata porque non perciben os beneficios que lles pode aportar e un de cada cinco recoñece que ten poucos coñecementos na materia

Detéctase unha baixa implantación das TIC entre os autónomos.

Dous de cada tres autónomos galegos (65,3%) ten contratada conexión a Internet e un 57,4% dispón de banda larga



II. Resultados:

II.1 Equipamento e servizos TIC (II)

A dispoñibilidade de equipamento tecnolóxico é sensiblemente menor entre os empresarios autónomos que entre as empresas galegas que se constitúen como sociedades

➡ O ordenador e a telefonía móbil son os equipamentos con maior presenza entre os autónomos galegos.

EQUIPAMENTO INFORMÁTICO SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Equipamento informático	Condición xurídica		TOTAL
	Autónomos	Sociedades	Microempresas
Ordenador	73,5%	88,1%	79,9%
Sistema operativo de código libre/aberto	7,0%	8,3%	7,6%
Rede de área local (LAN)	33,7%	57,3%	44,2%
Rede de área local sen fíos	23,0%	33,5%	27,6%
	14,5%	37,8%	24,8%
Servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos			
Intranet corporativa	6,5%	12,4%	9,1%
Extranet	2,0%	6,0%	3,8%
Videoconferencia	5,6%	6,8%	6,2%
Telefonía móbil para uso empresarial	60,7%	77,1%	68,0%
Total	100%	100%	100%


II. Resultados:

II.1 Equipamento e servizos TIC (III)


Os autónomos deben aumentar o grao de informatización dos procesos de xestión e administración interna da empresa.



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E OS AUTÓNOMOS DE GALICIA



➡ O nivel de implantación da efactura nos autónomos galegos é baixo aínda que en valores próximos á media do conxunto de microempresas. A sinatura dixital é escasamente empregada polos autónomos galegos (24,5 puntos por baixo das sociedades)



II. Resultados:


II.2 Páxina web e redes sociais

As redes sociais estanse a converter no principal escaparate dos produtos e servizos dos autónomos, superando incluso á media do conxunto das microempresas

👉 Aínda que só o 23,2% dos autónomos con Internet dispón de páxina web

PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA




II. Resultados:

II.3 Interacción coas AAPP

INTERACCIÓN COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET

Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: OSIMGA

De novo, cabe salientar a fenda neste indicador con respecto ás sociedades, 25,8 puntos porcentuais por baixo.


A utilización de Internet como ferramenta de interacción coas Administracións Públicas é empregada polo 30,2% dos autónomos con conexión á Rede



II. Resultados:

II.4 Comercio electrónico

COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA



Fonte: OSIMGA


➡ As sociedades empregan con maior frecuencia o comercio electrónico aínda que, neste indicador, existe unha ampla marxe de mellora para ambos os dous segmentos empresariais.



II. Resultados:

II.5 Análise sectorial: Internet

- Alta porcentaxe de contratación de Internet no sector de Actividades profesionais, científicas e técnicas (un 88,5%, 23,2 puntos porcentuais por riba da media de todos os autónomos).
- No caso do sector de transporte e almacenamento, a contratación de Internet é do 37,9% (27,4 puntos porcentuais por baixo da media de autónomos).



Fonte: OSIMGA


II. Resultados:

II.5 Análise sectorial: Páxina web

➡ Obsérvase unha importante fenda en canto á dispoñibilidade de páxina web se comparamos os sectores de actividades profesionais, científicas e técnicas e o sector industrial fronte ao sector da construción ou o de automoción e comercio.

DISPONIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE


Base: empresas con conexión a Internet



II. Resultados:

II.5 Análise sectorial: Comercio electrónico

- ➡ O comercio electrónico ten máis implantación nos sectores de actividades profesionais científicas e técnicas xunto cos de actividades administrativas e de servizos auxiliares.
- ➡ As porcentaxes máis baixas rexístranse no sector da construción no caso das vendas e no do transporte e almacenamento para as compras a través da Rede.



III. Actuacións da Amtega para a potenciación das TIC entre os autónomos de Galicia

Actuacións realizadas

A Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (**CeMIT**) e o Centro Demostrador TIC (**CDTIC**) realizaron no 2012 actividades cuxo obxectivo foi a **sensibilización e capacitación dirixidas á pequena empresa e traballadores autónomos**, sobre o uso das TIC para aumentar a visibilidade empresarial e a mellora da produtividade no negocio.

O **Comercio Electrónico**, o **Marketing dixital** como estratexia para aumentar as vendas a través de Internet ou o uso de **ferramentas TIC** (**factura electrónica**, o **certificado dixital**, **servizos na nube**, ...) foron as temáticas con maior éxito de asistencia

Así, desenvolvéronse máis de 100 horas de formación no CDTIC das que se beneficiaron 150 profesionais.



III. Actuacións da Amtega para a potenciación das TIC entre os autónomos de Galicia

Próximas actuacións

Fomentar o uso das TIC na sociedade galega como medio para o **impulso do emprego e a competitividade empresarial**:

- Facilitando o uso do equipamento tecnolóxico e do catálogo formativo da Rede CeMIT
- Impulsando formación máis específica realizada desde o CDTIC, usando a Rede CeMIT que permite contar cunha aula equipada a menos de media hora de calquera autónomo galego:
 - **Comercio Electrónico**: Negocio Electrónico, Aspectos Tecnolóxicos e Aspectos Legais do Comercio Electrónico (*1º Sesión o 4 de marzo de 2013*)
 - **Marketing Dixital**: Redes Sociais, posicionamento web, reputación online, e-mail marketing entre outros
 - **Facturación Electrónica**: Normativa vixente, firma dixital e implantación no negocio.
- **Asesorando tecnoloxicamente** a autónomos por parte de expertos.
- Desenvolvemento dunha **maqueta con unha solución tecnolóxica que permita a xestión integral do negocio**, que permitirá aos profesionais verificar de forma práctica os beneficios das TIC

IV. Conclusións

- ➡ **Perfil do traballador** autónomo galego: varón, entre 40 e 54 anos e dedicado ao sector servizos.
- ➡ Os autónomos galegos atópanse nun **nivel básico de implantación das tecnoloxías**. Importante **fenda** entre os autónomos e as empresas galegas que se constitúen como sociedades.
- ➡ Os autónomos galegos comencan a aproveitar as vantaxes que lles ofrecen as **redes sociais**.
- ➡ A **Análise sectorial** da actividade dos autónomos permite identificar dous segmentos en canto á súa relación coas novas tecnoloxías, estes son:
 - ➡ **Madurez Dixital**: os que presentan unha maior dispoñibilidade e uso de ferramentas TIC, este son: autónomos de actividades profesionais, científicas e técnicas e actividades administrativas
 - ➡ **Crecemento Dixital**: os que presenta un menor grao de tecnificación, entre eles os autónomos do sector Transporte, Almacenamento e Construción.

Esto require, deseñar **accións máis e mellor focalizadas** en función do segmento obxectivo que nos permitirá acadar unha maior impacto. Así, desenvolveranse accións orientadas á xestión do coñecemento e a interoperabilidade con provedores e clientes para o segmento de Madurez Dixital, e accións orientadas a aumentar a conectividade e presenza na Web para o segmento Crecemento Dixital.



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E OS AUTÓNOMOS DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

Máis información: www.osimga.org



XUNTA
DE GALICIA



Colabora:



FEAGA
FEDERACIÓN
DE AUTÓNOMOS
DE GALICIA